



Dimensións e estrutura xeral das páxinas

En termos xerais, a elaboración de webs da Universidade de Vigo debe estar sempre baseada nos principios da usabilidade, desenvolvendo deseños pensados no usuario e evitando toda saturación de elementos como botóns e banners que desvirtúen a organización da información.

Recoméndase empregar deseños cun ancho fixo, xa que polo xeral permiten un maior control sobre o modo en que se van visualizar as páxinas, co contenedor centrado, e cun ancho non superior aos 984 píxels, evitando os scrolls laterais. Os deseños líquidos e fluídos quedarían reservados para webs ou plantillas pensadas para ser visualizadas noutras interfaces como dispositivos móbiles, nos que estes deseños melloran a navegación do usuario.

No referente ás cores, recoméndase empregar cores brancas ou grises para os fondos, ben lisos ou ben con motivos decorativos.

Cabeceira

Posto que a estrutura e deseño das páxinas web depende fundamentalmente dos contidos, obxectivos ou dispositivos no que vai ser visualizada, escolleuse a cabeceira como elemento de cohesión para todos os sitios web da Universidade de Vigo.

Esta cabeceira esta composta sempre por dúas partes:

O primeiro bloque está destinado á imaxe da Universidade. Contén o logotipo da Universidade sobre un fondo branco e o nome do estamento ou centro ao que pertence a web. A altura deste bloque é de 75 píxels, mentres que o logotipo da Universidade debe ter unhas dimensión de 230 píxels de ancho e está ubicado na parte superior esquerda.

Este bloque tamén pode ir a contratipo, é dicir, con fondo negro e o logotipo da Universidade na súa versión en branco.

O nome do estamento ou centro irá na parte inferior dereita do bloque, axustado á dereita, cun tamaño da fonte de 20 píxels e na tipografía New Baskerville.

O segundo bloque está dirixido á imaxe propia do estamento ou centro. A altura do bloque é de 100 píxels, empregándose fotografías, debuxos ou composicións que sigan, preferentemente, a estética de liñas da Universidade de Vigo.

Menús

O emplazamento dos menús será, preferentemente, debaixo da cabeceira. Nos casos en que sexan precisos dous menús, este segundo situarase na parte esquerda da páxina, posuíndo unhas dimensións non superiores aos 230 píxels de ancho.

Pé de páxina

Os pés de páxina deben conter a información sobre o estamento ou centro propietario do sitio, como datos de contacto ou enderezo. Este texto debe estar separado da páxina por unha liña negra.

Tipografía e cores

O texto común das páxinas web debe ter un tamaño nunca inferior aos 12 píxels, manténdose o mesmo tamaño de letra para todos os textos das mesmas características. Recoméndase empregar a tipografía Verdana e, no caso de empregar outra, que sexa unhas das xenéricas web como Arial.

Os títulos deben distinguirse visualmente a través de tamaños superiores ou mediante distinta cor ou o uso da negrita.

No que respecta as cores, o texto común ten que empregar grises escuros ou negros para que exista contraste co fondo e sexa máis sinxela a lectura.

Título, descripción e metadatos

Todas as páxinas páxinas web da Universidade de Vigo teñen que conter nos seus metadatos, título ou descripción o nome da institución.

Accesibilidade e validación

As webs da Universidade de Vigo deben cumprir alomenos o nivel I de accesibilidade de web, segundo o establecido nas pautas da WAI. Deste modo garántese que as páxinas estarán dispoñibles para visitantes que empreguen dispositivos móbiles ou con discapacidades.

Ao mesmo tempo, os sitios web deben respectar os estándares de CSS e XHTML.





